

## INFORME

**ASUNTO: Informe de valoración do sobre nº 2 do concurso para a contratación, mediante procedemento aberto, do subministro, instalación e mantemento no período de garantía, dun sistema de xestión, control e cobro no aparcadoiro e dársena de Xoán XXIII e no aparcadoiro de Belvís.**

O presente informe redáctase a solicitude da Mesa de Contratación, reunida o 25 de xaneiro de 2017, ao obxecto de valorar a documentación do sobre nº 2 “proposición relativa aos criterios de adxudicación NON avaliados mediante cifras ou porcentaxes”, presentada polos seguintes licitadores:

- BYMAR-PARK, SL
- EQUINSA PARKING, SLU
- HORUS HARDWARE, SA
- PARKARE GROUP, SL

A cláusula 10.2) do prego indica que a *oferta técnica* puntuarase con ata 20 puntos, de acordo cos seguintes criterios:

- Flexibilidade na configuración do sistema para dar cobertura ás necesidades da empresa (definición de tarifas, exportación de datos, series de facturación, formato de facturas simplificadas por serie, etc...), ata 5 puntos.
- Grado de detalle do manual de usuario para a resolución de incidencias, incluíndo a substitución de elementos, ata 2 puntos.
- Disposición de stock por encima do esixido no prego técnico, daqueles compoñentes que poidan ser substituídos por persoal de TUSSA, ata 4 puntos.
- Facilidade de acceso para a substitución de elementos en caso da avaría (carros, impresoras, hoppers, etc.) e colocación de material funxible (tíckets, papel térmico recibos, etc.), ata 2 puntos.
- Grao de detalle no plan de mantemento preventivo dos equipos que deberá incluír a descrición do procedemento a seguir para cada tarefa, ata 3 puntos.
- Incremento no número de frecuencias de mantemento anual durante a garantía (deberá figurar tamén no plan de mantemento preventivo que levará a cabo TUSSA unha vez finalizada a garantía), ata 4 puntos.

A partir destes criterios de valoración, e logo de analizar de xeito minucioso a documentación presentada por cada licitador, preséntase a súa valoración.

### **BYMAR PARK, SL**

A análise da oferta de Bymar Park, SL é a seguinte:

#### **Flexibilidade na configuración do sistema para dar cobertura ás necesidades da empresa, ata 5 puntos.**

Bymar Park presenta tres documentos. A oferta técnica, na que sinala as funcións por cada apartado de valoración, o manual de usuario do xestor de aparcadoiro e o manual de usuario para a manipulación de maquinaria; aínda que neste último non figura nada sobre a flexibilidade na configuración do sistema.

No documento da oferta en relación á flexibilidade na configuración do sistema indica unha serie de parámetros configurables así como unha serie de características que ten o sistema e que, nalgúns casos, se explican no manual de usuario.

Entre os parámetros configurables presenta:

- Tempo de saída, carencia e de aparcamento na zona correspondente
- Tempo de intermitencia do botón da entrada e tempo de exposición do botón do recibo na pantalla táctil
- Tempo máximo para pagar un ticket ou un exceso de abonado
- Permitir denegar ou prohibir o paso cando non coincidan as matrículas
- Configuración da temperatura para activar os ventiladores ou calefactores con termómetro controlado por software
- Configuración de horarios minuto a minuto para aplicar accesos a abonados ou horarios de apertura
- Configuración do día no se que quere xerar a cota adiantada de abonos para o pago dos mesmos nos caixeiros automáticos
- Configuración para expedir facturas simplificadas unificadas por aparcadoiro ou por TPV de cada aparcadoiro
- Axuste do aforo segundo o horario que se indique
- Publicidade en vídeo nas pantallas de todas as máquinas de entrada, saída e caixeiros automáticos

Entre as características máis importantes que ofrece o programa, segundo Bymar Park, SL encóntanse:

- Creación de calendarios para aperturas e peches, acceso de abonados ou propietarios
- Creación de calendarios de cobro para a rotación, tarxetas moedeiro ou prepago de estancias
- Creación de tarifas por minutos, horas ou días
- Planificación de tarifas e calendarios de maneira anual
- Cobro en TVP en función do nodo polo que se emitiu o ticket
- Creación de listados directamente en pdf e exportación de todos eles a csv
- Creación personalizada de perfiles de usuario
- Bloqueo de ticket de rotación no caso de un mal uso do aparcadoiro e inclusión do vehículo nunha lista negra
- Sistema de xustificación de alarmas para que os operadores poidan xustificar todos os movementos nunha quenda de traballo

A maioría das configuracións ou características que relaciona son esixidas polo prego técnico e non aportan ningún valor engadido.

Simplemente trátase dunha serie de características e funcionalidades do sistema sen ningún tipo de explicación. O funcionamento dalgunhas destas funcións encóntrese no manual de usuario, polo que se procede a analizar o manual de usuario presentado.

En **relación ás tarifas**, no manual de usuario indica que se poden xerar tantas como se queiran indicando os seguintes campos por tarifa:

- Nome
- Importe máximo por hora
- Importe máximo por día
- Importe máximo saldo negativo
- Máximo número de vales
- Máximo importe en vales

En relación ás dos aboados, permite tamén a creación de tantas tarifas como se necesiten.

En **relación aos listados**, non existe un apartado concreto onde se poida observar xa que aparece ao longo do manual de usuario. Os listados que se poden encontrar ao longo do manual de usuario son os seguintes:

- No apartado de clientes (refírese a aboados) indica que se pode xerar un listado de clientes, de clientes con vehículo, de tarxetas moedeiro e de vehículos.
- Na opción de movementos pódese buscar por una serie de campos (ID cliente, identificador, tipo de movemento, tipo de cliente, emisor e estado de manobra) e xerar o pertinente listado.
- Na opción de tickets pódese facer consulta en función dunha serie de campos (id ticket, identificador, contador, tipo, estado, matrícula, ticket sen pago ou observacións) e xerar un listado que pode ser impreso.
- Na opción de alarmas tamén se pode levar a cabo un filtro por emisor, por tipo de alarma, se está pendente ou confirmada e buscar entre datas. A información xerada pódese imprimir.
- No apartado de contabilidade pódese filtrar os pagos en relación a unha serie de campos (id cliente, tipo de pago, facturados, emisor, identificador, modo de pago, por estado de pago). A información xerada pódese imprimir.
- No apartado estatísticas permite xerar información gráfica de estatísticas de movementos, de capacidade, de pagos, financeiras e de clientes. Esta información pode ser filtrada polos mesmos campos que os listados aínda que no sinala se pode ser impresa ou exportada.
- No apartado de recadación pódese buscar unha recadación por emisor, usuario ou número de recadación. Esta información pódese imprimir.

En relación a facturación simplemente sinala a forma de realizar unha factura nominativa dun pago pero non indica nada da configuración de facturas por series nin das facturas simplificadas.

A teor ao indicado outórganselle **3 puntos** en base ás seguintes cuestións:

- Presenta un sistema de tarifas con múltiples configuracións.
- Permite xerar listados en cada apartado do programa de xestión e a súa exportación a pdf ou a csv para poder ser tratados.
- Permite a configuración para á expedición de facturas simplificadas unificadas por aparcadoiro ou por TPV de cada aparcadoiro.

**Grao de detalle do manual de usuario para a resolución de incidencias, incluíndo a substitución de elementos , ata 2 puntos.**

Na súa oferta técnica simplemente fai unha remisión ao manual de usuario para a manipulación de maquinaria, aínda que para analizar este apartado tamén se ten en conta o manual de usuario do xestor.

No manual de usuario do xestor explícanse as funcionalidades do software e a forma de levar a cabo todas as tarefas dende a caixa manual e a xestión administrativa do aparcadoiro cunha explicación correcta e con capturas de pantalla que facilitan a comprensión.

O manual de usuario para a manipulación de maquinaria está dividido en tres apartados:

- Grupo de entrada e saída; en relación a este apartado, sinala a forma de abrir a máquina e substituír o carro de entrada.
- Barreira; en relación a este apartado explica a apertura da máquina, a forma de levar a cabo o reaxuste do detector e como abrir a barreira manualmente.
- Caixeiro automático; apagar a máquina, manipular o moedeiro e distribuidor, manipular o billeteiro e manipular os hoppers.

Nos manuais presentados explica o funcionamento da caixa manual e a forma correcta de levar a cabo as operacións na mesma, tamén indica como se deben manipular determinados elementos pero non sinala nada da operatividade con caixeiro no referente á xestión das recadacións ou do recheo de cambio; que son as operacións máis habituais a realizar nun caixeiro automático.

En base ao indicado outórgaselle **1 punto**.

**Disposición de stock por encima do esixido no prego técnico, daqueles compoñentes que poidan ser substituídos por persoal de TUSSA, ata 4 puntos.**

Bymar-Park, SL presenta unha relación de elementos entre os que se encontran algúns que non se solicitan no prego. Os repostos que presentan son:

- 1 hopper para moedas de 2, 1 e 0,50
- 1 hopper para moedas de 0,10
- 1 hopper para moedas de 0,05
- 1 hopper para moedas de 0,01
- 1 moedeiro

- 1 distribuidor de moedas
- 1 detector de vehículos para o campo magnético
- 1 lector de proximidade para as máquinas
- 1 lector de billetes
- 1 lector de tickets para código de barras
- 1 expendedor de tickets para código de barras
- 1 pulsador para la emisión de tickets en entrada
- 1 pulsador de interfonía
- 1 micrófono
- 1 altofalante
- 2 finais de carreira para as barreiras
- 1 pechadura completa para as portas das máquinas

Como se pode observar, presenta un gran número de elementos que non se solicitan no prego, pero dos elementos requiridos no prego presenta unicamente os seguintes:

- 1 lector de proximidade para as máquinas
- 1 lector de tickets para código de barras
- 1 expendedor de tickets para código de barras

Con estes tres elementos o persoal de TUSSA non pode afrontar directamente todas as avarías do sistema de lectura, tendo que inutilizar a máquina ata que o servizo de mantemento o repare.

O prazo máximo para a reparación é de 48 horas (artigo 9 do prego técnico) polo que co stock ofertado TUSSA podería verse obrigada a non ter operativo un equipo ata dous días por non dispoñer do stock nos aparcadoiros.

En base ao indicado a puntuación outorgada debe ser **0 puntos**.

**Facilidade de acceso para a substitución de elementos en caso da avaría (carros, impresoras, hoppers, etc.) e colocación de material funxible (tickets, papel térmico recibos, etc.), ata 2 puntos.**

Neste punto presenta o manual de usuario para a manipulación de maquinaria. Ese manual, como xa se indicou, está dividido en tres apartados:

- Grupo de entrada e saída
- Barreira

- Caixeiro automático

No referente á facilidade de acceso para a substitución dos elementos, non indica nada, non presenta un plano xeral das máquinas con explicación da situación de cada elemento nin a forma de coñecer a súa situación.

Si explica a forma de quitar algún elemento e substituír material funxible, concretamente:

- Na máquina de entrada pódese observar que a colocación dos tickets é sinxela e rápida ,xa que consiste en colocar a caixa dentro da máquina e introducir os tickets no carro. Na colocación do carro de emisión de tickets sinala que se pode retirar cun desaparafusador de talla mediana.
- No caixeiro automático, explica a forma de cambiar o papel de recibos, o moedeiro, a manipulación do billeteiro e os hoppers. Todas estas operacións pódense realizar sen ferramentas.

Na documentación presentada non se pode observar a localización dentro da máquina de cada elemento por non ter unha descrición xeral da mesma e amosar soamente unha parte moi concreta de cada unha delas (a que figura no manual de usuario para a manipulación de maquinaria), pero si se observa que os elementos amosados pódense extraer con facilidade e sen ferramentas, agás un desaparafusador.

En base ao indicado outórgaselle **1 punto**.

**Grao de detalle no plan de mantemento preventivo dos equipos que deberá incluír a descrición do procedemento a seguir para cada tarefa, ata 3 puntos.**

No plan de mantemento presenta una serie de tarefas que se deben levar a cabo pero non se inclúe a descrición do procedemento a seguir para levar a cabo as mesmas.

En base ao indicado a puntuación neste apartado é de **0 puntos**, xa que non existe nin descrición das tarefas nin o procedemento para levar a cabo as mesmas.

**Incremento no número de frecuencias de mantemento anual durante a garantía, ata 4 puntos.**

O artigo 6 de prescricións técnicas sinala que o mantemento preventivo consistirá en *“dúas visitas ao ano nas que o servizo técnico revisará e porá a punto todos os elementos*

*que compoñen o sistema, tanto hardware como software, incluíndo substitución de pezas por desgaste ou obsolescencia cando sexa aconsellable”.*

Bymar Park, SL presenta 6 visitas de mantemento ao ano, unha cada dous meses. En base a o indicado, a puntuación neste apartado é de **4 puntos**.

### **EQUINSA PARKING, SLU**

**Flexibilidade na configuración do sistema para dar cobertura ás necesidades da empresa, ata 5 puntos.**

En relación a flexibilidade na configuración do sistema indica que o seu hardware e software permite, entre outras cuestións:

- Utilización de tickets con codificacións de terceiras partes para facilitar a integración de diferentes sistemas.
- Capacidade de traballar con autorizacións externas permitindo que clientes que non utilizan o sistema do aparcadoiro poidan facer uso do mesmo e pagar coas tarifas que o operador defina.
- Capacidade para a importación de datos de usuarios que forman parte doutros sistemas.
- Flexibilidade total para a definición e uso de tantas tarifas como sexa necesario, con posibilidade de definir franxas horarias e períodos de activación.
- Total adaptabilidade do sistema de facturación para cumprir cos requirimentos do novo SII. Posibilidade de definir as diferentes series de facturas, posibilidade de exportación a diferentes ERPS do mercado. Na súa oferta indica SAP e Navision pero TUSSA non utiliza ningún deles.
- Sistema de reportes personalizable coa capacidade de exportación de datos a formatos estándar (CSV, HTML, PDF) para permitir o seu manexo dende ferramentas externas ao software do aparcadoiro.
- Diferentes integracións con sistemas de información público para exportar os datos de ocupación a paneis informativos.

Destas funcións que relaciona indica que a flexibilidade das tarifas así coma o sistema de reportes está explicada no manual de usuario.

En **relación ás tarifas** indica que o seu sistema permite a flexibilidade total para a definición das tarifas e no manual de usuario explica a forma de crear unha tarifa cos seguintes parámetros:



- Código
- Descrición
- Tempo de cortesía
- Tempo gratuíto
- Redondeo
- Duración do ciclo de tarificación
- Lista de prezos para o seguinte ciclo

No manual de usuario, en **relación aos informes**, presenta un xerador de informes que permite elixir entre 65 informes que se poden delimitar segundo os filtros que se utilicen. Cada informe dispón dos seus filtros concretos.

Todos estes informes pódense presentar de seguintes formas:

- Modo rexilla. Trátase da forma normal de presentar os datos e pode ser exportado ao porta papeis ou en formato CSV ou TXT
- Modo impresión. Como o seu nome indica é o formato para a impresión e pódese exportar ao porta papeis ou en formato PDF, HTML e TXT
- Modo gráfica. En lugar de presentar os datos presenta unha gráfica de barras dos mesmos. Simplemente pode exportase ao porta papeis.
- Modo texto. Utilízase para texto e pode ser exportado ao porta papeis ou en formato TXT.

Pódense xerar informes de datos históricos e de varias instalacións se están dadas de alta no xestor de instalación e están debidamente enlazadas.

No **referente á facturación** sinala que se poden configurar distintas series para cada tipo de factura para aboados, facturas simplificadas globais ou locais.

Ademais pódese establecer una serie de facturación especial para certos tipos de cobro.

Nos caixeiros automáticos pódese establecer facturación global, polo que imprimiría unha serie estándar para toda a instalación; e se o indicado é numeración local, inclúese o código de aparato que emite a factura polo que sería serie por equipo.

En base ao indicado outórgaselle **4 puntos** por:

- Flexibilidade total para a definición e uso de tantas tarifas como sexa necesario.

- Permite a xeración de facturas simplificadas configurando distintas series por cada equipo que as xera.
- Permite xerar 65 tipos de informes que se poden ver en modo táboa ou modo gráfico para a súa impresión e exportar en formato TXT, CSV, PDF, HTML ou ao porta papeis.
- Pódense utilizar sistemas externos ao aparcadoiro para realizar operacións de reserva ou de entrada.

**Grao de detalle do manual de usuario para a resolución de incidencias, incluíndo a substitución de elementos , ata 2 puntos.**

Neste apartado Equinsa presenta a seguinte documentación:

- Manual de usuario do sistema de xestión
- Manual de usuario dos equipos de entrada e saída
- Manual de usuario da barreira
- Manual de usuario de caixeiro con pago en efectivo
- Manual de usuario de caixeiro con pago con tarxeta de crédito
- Manual de usuario de barreira

Sinala que nos manuais de usuario encóntrase a información sobre os procedementos de mantemento da maquinaria e a resolución de incidencias, incluíndo a substitución de elementos.

No manual de usuario do sistema de xestión aparecen claramente todas as funcións que realiza o persoal de aparcadoiro dende a caixa manual ou dentro do sistema de xestión. Encóntranse correctamente explicadas, incluso con diagramas e capturas de pantalla para que poidan realizar as tarefas segundo o indicado no manual.

No manual de usuario e técnico de servizo de entrada e saída explica o funcionamento da máquina así como as tarefas de mantemento a realizar polo persoal do aparcadoiro (carga de tickets na máquina e axuste de corte de tickets na máquina de entrada). Presenta fotos da forma correcta de levar a cabo ditas tarefas así como unha explicación clara da forma de levar a cabo as mesmas.

No manual de usuario de caixeiro de crédito indica o funcionamento a nivel operador coa explicación da apertura da porta, ver o histórico de quendas, o menú operador, as operacións co EMV, o arqueo de caixa, control da recadación e probar os periféricos. No referente ao mantemento a realizar polo persoal do aparcadoiro sinala a forma de

acender e apagar a máquina, o cambio de papel da impresora, a limpeza do lector de tickets e da impresora.

No manual de usuario da barreira sinala a forma correcta de realizar as dúas únicas tarefas que son necesarias levar a cabo na mesma (acendido/apagado da mesma e levantar a barreira de forma manual).

No manual de usuario de caixeiro de efectivo indica o funcionamento a nivel operador coa explicación da apertura da porta, últimas operacións realizadas, ver o histórico de quendas, o modo operador, as operacións co EMV, o arqueo de caixa, control da recadación, a xestión dos dispensadores (hoppers) e probar os periféricos. No referente ao mantemento a realizar polo persoal do aparcadoiro sinala a forma de acender e apagar a máquina, a recarga dos dispensadores, o cambio de papel da impresora, a limpeza do lector de billetes, a limpeza do dispensador de billetes, a limpeza dos hoppers, a limpeza da impresora e a limpeza do moedeiro.

Como se pode observar presentan manuais tanto para o software como para o hardware, explicando todas as funcións que debe realizar o persoal do aparcadoiro, polo que a puntuación outorgada é **2 puntos**.

**Disposición de stock por encima do esixido no prego técnico, daqueles compoñentes que poidan ser substituídos por persoal de TUSSA, ata 4 puntos.**

Equinsa presenta os seguintes elementos de reposto:

- 2 impresoras térmicas para a máquina de entrada
- 2 lectores de código de barras para caixeiros automáticos
- 4 lectores de tarxetas de aboados para entradas, saídas e caixeiros
- 2 lectores grabadores de tarxetas de aboados para caixa manual
- 2 lectores de tickets de código de barras para caixeiros automáticos

Con esta configuración mellora o stock mínimo esixido nos seguintes elementos:

- 1 impresora térmica para a máquina de entrada
- 1 lector de código de barras para caixeiros automáticos
- 2 lectores de tarxetas de aboados para entradas, saídas e caixeiros
- 1 lector grabador de tarxetas de aboados para caixa manual
- 1 lector de tickets de código de barras para caixeiros automáticos

Con estes tres elementos o persoal de TUSSA pode afrontar directamente todas as avarías do sistema de lectura, exceptuando o sistema de abreportas e a substitución da cámara de matrículas.

Isto implica que unha avaría da cámara suporía que os abonados deberán utilizar a tarxeta para entrar e saír do aparcadoiro e os clientes de rotación o ticket para saír ata que sexa reparado (no prazo máximo de 48 horas establecido no prego). O sistema de abreportas impedirá o acceso por esa porta sempre que se encontre pechada.

En base ao indicado a puntuación outorgada é de **3 puntos**.

**Facilidade de acceso para a substitución de elementos en caso da avaría (carros, impresoras, hoppers, etc.) e colocación de material funxible (tickets, papel térmico recibos, etc.), ata 2 puntos.**

Neste apartado, sinala que se pode observar nos manuais de usuarios que as máquinas están deseñadas para facilitar o acceso aos compoñentes para facilitar o traballo dos operarios do aparcadoiro e do persoal de mantemento, polo que para valorar este apartado débense analizar os manuais de usuario presentado.

Como xa se indicou noutro apartado, Equinsa presenta os seguintes manuais a ter en conta neste apartado:

- Manual de usuario dos equipos de entrada e saída
- Manual de usuario de caixeiro con pago en efectivo
- Manual de usuario de caixeiro con pago con tarxeta de crédito

No manual de entrada e saída presenta unha foto de cada máquina indicando a situación exterior de cada elemento, ademais de dúas fotos (unha coas placas de control e outra co conxunto de alimentación), e a explicación da forma de cargar os tickets. Non se observa no manual a colocación interior de cada elemento nin a facilidade ou dificultade de substituír os elementos de impresión, agás a colocación dos tickets que é rápida e sinxela.

No manual de pago con tarxeta, presenta unhas fotografías nas que se sinala a localización dos distintos elementos, tanto dende o exterior como dende o interior, do que se desprende que o persoal da instalación pode acceder sen ningún tipo de problema aos distintos elementos do mesmo. En relación á substitución de elementos ou á colocación de material funxible, simplemente explica a forma de cambiar o papel

da impresora, que se pode realizar de maneira sinxela. Non explica a forma de quitar os distintos elementos do sistema, polo que non se pode valorar se son de fácil substitución ou non.

No manual de usuario de caixeiro con pago en efectivo a situación é a mesma que no caixeiro con pago con tarxeta, aínda que neste caso tamén explica a forma de extraer o moedeiro.

En base ao sinalado, obsérvase que a localización dos elementos permite o acceso aos mesmos facilmente para a solución das incidencias de atasco ou substitución de material funxible, pero na documentación no se observa se os elementos a substituír en caso de avaría son fáciles de retirar, en base ao indicado outórgaselle **1 punto**.

**Grao de detalle no plan de mantemento preventivo dos equipos que deberá incluír a descrición do procedemento a seguir para cada tarefa, ata 3 puntos**

No seu plan de mantemento indica que dispón dun SAT en Santiago e que ofrece os seguintes servizos e SAT:

- Asistencia correctiva
- Asistencia preventiva
- Teleasistencia

En relación ás tarefas de mantemento, simplemente presenta unha relación das que levará a cabo cando realice o servizo de mantemento, omitindo o procedemento para levar a cabo as mesmas.

En base ao indicado, a puntuación neste apartado é de **0 puntos** por non incluír a descrición do procedemento como esixía o prego.

**Incremento no número de frecuencias de mantemento anual durante a garantía, ata 4 puntos.**

O artigo 6 de prescricións técnicas sinala que o mantemento preventivo consistirá en *“dúas visitas ao ano nas que o servizo técnico revisará e porá a punto todos os elementos que compoñen o sistema, tanto hardware como software, incluíndo substitución de pezas por desgaste ou obsolescencia cando sexa aconsellable”*.

Equinsa Parking, SLU presenta 6 visitas de mantemento ao ano, unha cada dous meses.

En base ao indicado, a puntuación neste apartado é de **4 puntos**.

## **HORUS HARDWARE, SA**

**Flexibilidade na configuración do sistema para dar cobertura ás necesidades da empresa, ata 5 puntos.**

Horus Hardware, SA indica que os sistemas de xestión do aparcadoiro deben estar proxectados para adaptarse a calquera tipo de configuración e tratarse de equipos totalmente modulares, con sistemas de comunicación entre máquinas, seguindo protocolos Ethernet e bases de datos SQL o que permite a integración con calquera sistema do operador.

Permite a xestión remota a través de plataforma webserver.

Calquera dos equipos funcionan de maneira totalmente autónoma polo que cando se produce calquera problema de comunicacións e non é posible a transferencia de información entre a unidade de control e calquera terminal.

Os equipos incorporan vídeo interfono IP en protocolo estándar SIP.

Prevese o funcionamento co sistema Vía T.

En **relación ás tarifas** indica que a configuración das mesmas divídese en dúas partes:

- Modo de cobro, asignados nas táboas de grupo.
- Como e cando se aplican os modos de cobro asignados na tarifa.

Presenta un exemplo de táboa de cobro e posteriormente sinala que os modos de cobro poden combinarse de distintas maneiras para conformar a tarifa, que se aplicará no momento do cobro. Basicamente permite tres:

- Por tramos: segundo día e hora aplícase un grupo de cobro
- Por tempo total de estancia
- Por número de días completos

O resto son exemplos de fixación de tarifas.

No manual para o sistema de aparcadoiro Milenio sinala a forma de configurar as tarifas de cada un dos apartados antes mencionados.

No referente ás **series de facturación** indica que no momento de realizar a facturación elíxense as series que se queren utilizar ou xerar en cada momento e que os procesos

automáticos conteñen a configuración necesaria para xestionar a numeración da facturación.

En relación á información pódense xerar **listados** de abonados no que se observen os movementos, os que teñen o acceso activo, de morosos e de abonados dentro do aparcadoiro. Toda esta información pódese elixir nun intervalo de tempo así coma nun intervalo de aboados.

Os listados de aboados que se poden xerar son:

- Listados de movementos
- Listados de altas
- Listados de morosos
- Listado de dentro do aparcadoiro
- Listado de baixas
- Listado de altas e baixas

En relación ao resto de operacións do aparcadoiro poden xerarse listados filtrados por data (incluíndo un intervalo ou una data concreta), por tipo de máquina, por tarifa ou por número de máquina. Os listados xerados neste caso son:

- Movementos
- Diario de caixa
- Resumo de tickets
- Resumo de caixas

Ademais pódense xerar estatísticas e gráficos onde se pode observar a ocupación media diaria, a ocupación media mensual, os movementos diarios, os movementos mensuais, o tempo de estancia, o máximo diario por hora, o máximo mensual por día, total movementos por día, informe mensual de estancias, informe diario de facturación, redención de bonificacións, informe de actividade financeira e as estancias e cobros dos aboados.

Todos os listados e estatísticas son exportables en formato excel ou CSV, dispoñendo de opcións para exportar directamente as bases de datos do sistema.

Horus Hardware, SA permite a interconexión con sistemas externos. Actualmente teñen implantados sistemas de interconexión para:

- Prazas: envía as prazas do aparcadoiro a través dun protocolo de mensaxes a unha IP ou mediante o envío de ficheiros de intercambio.
- Xestión de matrículas: permite a interconexión con sistemas externos de captación de matrículas.
- Paneis informativos: pódese configurar paneis informativos dende o sistema.

A teor do indicado outórganselle **3,5 puntos** en base ás seguintes cuestións:

- Presenta un sistema de tarifas que permite múltiples configuracións.
- En relación á configuración de facturas por series, permíteas, aínda que non explica a forma nin se poden establecer distintas series en función de cada equipo ou tipo de cliente.
- Permite xerar listados dos datos do aparcadoiro (como datos e como gráficos), así como a súa exportación a excel ou arquivo de texto.
- Permite intercambio de información con sistemas externos do aparcadoiro, aínda que soamente información de prazas e matrículas.

**Grao de detalle do manual de usuario para a resolución de incidencias, incluíndo a substitución de elementos , ata 2 puntos.**

Horus hardware, SA presenta os seguintes manuais:

- Manual de usuario do software de xestións Winpark
- Manual de usuario e configuración de caixeiro automático
- Manual de usuario e configuración para postes de entrada e saída
- Manual para a configuración de postes e caixeiros Milenio
- Manual para o sistema de aparcadoiro Milenio

En relación ao manual de usuario e configuración para o caixeiro automático, sinala que aparecen explicadas todas as funcións que se realizan no caixeiro, concretamente:

- Acceso á configuración
- Operacións de carga e descarga do diñeiro (recadación e recheo de cambio)
- Operacións relacionadas coa queda de traballo
- Operativa de funcionamento (cobro de tickets e cobro de aboados)

En relación aos elementos que forman parte do caixeiro presenta os que poden ser substituídos (emisor de tickets, lector de tarxetas sen contacto, caixón de moedas,



hoppers, lector de billetes, moedeiro) así como a limpeza do lector de tickets, limpeza do lector de billetes, retirada do billeteiro e limpeza do moedeiro.

Neste manual explican todas as funcións que deben realizarse co caixeiro automático, agás a substitución dos consumibles.

No manual de usuario e configuración para poste de entrada e saída, presenta os distintos elementos que compoñen a máquina, sinalando a forma de acceder á configuración, ás distintas opcións de configuración, ao conxionado, á explicación dos elementos da placa; á colocación dos tickets así como á limpeza do emisor dos mesmos.

No manual de configuración de postes e caixeiros Milenio presenta a configuración dos distintos equipos que forman parte do sistema (entradas, saídas, caixeiros automáticos e cámaras). Trátase de elementos que normalmente non configuran os traballadores do aparcadoiro, pero as explicacións son claras e con imaxes que facilitan a comprensión da configuración.

No manual para o sistema de aparcadoiro Milenio aparecen todas as funcións que realiza o software en canto á configuración do sistema así como nas operacións que pode realizar o persoal do aparcadoiro na caixa manual.

Coa información que figura nos distintos manuais o persoal de TUSSA pode levar a cabo tarefas de configuración, xestión e mantemento básico do aparcadoiro agás a substitución de consumibles (substitución de tickets así como a colocación do papel térmico para recibos) no caixeiro automático. Na documentación presentada explícase claramente as funcións indicadas e coa imaxe das pantallas coas que operan os traballadores de TUSSA.

En base ao indicado outórganselle **1,5 puntos** por presentar claramente a maioría das funcións que deben levar a cabo os traballadores do aparcadoiro, agás a substitución de consumibles nos caixeiros automáticos.

**Disposición de stock por encima do esixido no prego técnico, daqueles compoñentes que poidan ser substituídos por persoal de TUSSA, ata 4 puntos.**

Horus Hardware, SA presenta os seguintes elementos como stock mínimo:

- 1 emisor de tickets para poste de entrada
- 1 lector de tickets para poste de saída
- 2 placas lóxicas de control de poste

- 1 cabezal lector de billetes
- 1 lector gravador de tarxetas de proximidade
- 1 moedeiro para caixeiro automático
- 1 lector gravador emisor de tickets para o caixeiro
- 1 impresora de recibos de caixeiro
- 2 display TFT de poste de entrada e saída
- 1 cámara de matrículas
- 2 detectores de vehículos
- 2 mástiles de barreira eléctrica

Como se pode observar, presenta un gran número de elementos que non se solicitan no prego. Dos elementos requiridos no prego presenta unicamente os seguintes:

- 1 emisor de tickets para poste de entrada
- 1 lector de tickets para poste de saída
- 1 lector gravador de tarxetas de proximidade
- 1 lector gravador emisor de tickets para o caixeiro

Con estes catro elementos o persoal de TUSSA non pode afrontar directamente todas as avarías do sistema de lectura, tendo que inutilizar a máquina ata que o servizo de mantemento o repare.

O prazo máximo para a reparación é de 48 horas (artigo 9 do prego técnico) polo que co stock ofertado TUSSA podería verse obrigada a non ter operativo un equipo ata dous días por non dispoñer do stock nos aparcadoiros.

En base ao indicado a puntuación outorgada é de **0 puntos**.

**Facilidade de acceso para a substitución de elementos en caso da avaría (carros, impresoras, hoppers, etc.) e colocación de material funxible (tickets, papel térmico recibos, etc.), ata 2 puntos.**

Na súa oferta Horus Hardware, SA indica que todos os periféricos se conectan mediante bornas de alimentación e cables de comunicación conector tipo telefónico RJ11.

A súa fixación ás carrocerías dos distintos elementos realízanse mediante palometas de axuste manual polo que o sistema é de moi fácil acceso e substitución dos elementos xa que consiste en afroxar as palometas e desconectar a borna de alimentación e o cable

de comunicación polo que se poden retirar os elementos dos equipos sen ningún tipo de ferramenta.

Os equipos de entrada e saída dispoñen dunha porta lateral e unha porta superior abatible con amortiguación que permite o fácil acceso aos lectores emisores e validadores de tickets en cada caso.

Posteriormente presenta uns esquemas eléctricos das máquinas de entrada/saída, do caixeiro automático e fotos das máquinas de entrada, da bandexa dos hoppers e do caixeiro automático para que se observe que o acceso a todos elementos é sinxelo e non necesita ningún tipo de ferramenta para a substitución dos elementos.

Non indica a situación dos elementos consumibles (tickets e papel de recibos).

En base ao indicado outórgaselle **1 punto**.

**Grao de detalle no plan de mantemento preventivo dos equipos que deberá incluír a descrición do procedemento a seguir para cada tarefa, ata 3 puntos**

Horus Hardware, SA presenta unha serie de tarefas de mantemento que se levarán a cabo nas visitas programadas. Sinala que o mantemento necesario a levar a cabo tras o período de garantía, por persoal de TUSSA, consiste nas mesmas tarefas que as previstas durante o período de garantía. En ningún dos dous caso presenta unha descrición dos procedementos a seguir en cada tarefa de mantemento.

Neste apartado solicitábase explicitamente que o plan de mantemento preventivo debería incluír a descrición do procedemento a seguir para cada tarefa polo que se outorgan **0 puntos**.

**Incremento no número de frecuencias de mantemento anual durante a garantía, ata 4 puntos.**

O artigo 6 das prescricións técnicas sinala que o mantemento preventivo consistirá en *“dúas visitas ao ano nas que o servizo técnico revisará e porá a punto todos os elementos que compoñen o sistema, tanto hardware como software, incluíndo substitución de pezas por desgaste ou obsolescencia cando sexa aconsellable”*.

Horus Hardware, SA non presenta, na oferta técnica, un número de frecuencias maior do mantemento do esixido no prego de condicións. En base a o indicado, a puntuación neste apartado é de **0 puntos**.

## **PARKARE GROUP, SL**

### **Flexibilidade na configuración do sistema para dar cobertura ás necesidades da empresa, ata 5 puntos.**

Neste apartado valóranse as opcións de configuración dos sistemas para adaptarse ás necesidades de TUSSA en apartados como definición de tarifas, exportación de datos, series de facturación, formato de facturas simplificadas por serie e demais configuración do sistema.

No concernente á definición das tarifas, Parkare indica que cada tarxeta de acceso (inclúese ticket e tarxeta de abonado) ten asociada unha tarifa que define por cada día da semana e para os días especiais, os conceptos seguintes:

- Fraccións da tarifa
- As franxas horarias
- Os límites horarios
- Definición do tipo de cálculo
- Importe tope por día e por semana
- Importe mínimo de pago para calquera estancia

O sistema dispón da capacidade de predefinir un número ilimitado de tarifas, cumprindo coas seguintes características:

- Cálculo das tarifas con 6 decimais
- Posibilidade de utilizar fórmulas para a definición de tramos
- Posibilidade de definición de tarifas para un ou varios aparcadoiros
- Fraccións da tarifa configurables con posibilidade de definición dos intervalos mínimos de cálculo para a obtención dun importe
- Definición de intervalos horarios para aplicación de diferentes tarifas (gratuítas, de importe fixo, nocturna, ...)
- Establecemento de importes máximos e mínimos por días e por semanas
- Asignación de tarifas a cada un dos soportes identificativos
- Posibilidade de configurar o redondeo á moeda mínima á alza, baixa ou valor máis próximo

En relación á facturación, o sistema permite a configuración dos seguintes parámetros:

- **Xerar factura**, que se pode establecer en tres valores: nunca, por petición de impresión ou sempre.
- **Seguridade na numeración**, que permite establecer facturación cando o sistema estea online ou offline.
- **Facturación simplificada**, marcando esta opción emite unha factura simplificada sempre que non supere o importe máximo para ser xerada.

A numeración das facturas realízase de maneira automática e independente por cada equipo, permitindo nas caixas manuais, a impresión de facturas nominativas. Na caixa manual tamén se permite realizar unha busca por: tipo e código de tarxeta, por número de factura (anónima ou normal) e por tipo de operación de cobro e intervalo de datas; explicando o funcionamento do sistema de busca e emisión dende a caixa manual. Permite a visualización/impresión das facturas nas que se incluíría número de terminal, número de factura, data de factura, tipo de operación e tipo de documento.

No **referente aos informes**, permite realizar informes contables partindo da información de peches de quendas de cada terminal agrupados por terminais ou por peches de quendas, xornadas e períodos.

Segundo Parkare, o sistema xera a seguinte información relevante:

- Diario, que inclúe todos os eventos que sucederon no aparcadoiro.
- Cobros, pagos, movementos, incidencias, actuacións en caixas e peches de caixa.
- O histórico de matrículas, que inclúe todos os movementos de usuarios almacenados na base de datos de matrículas.

O histórico do sistema almacena a seguinte información:

- Movementos (entradas, saídas, pasos a/de zonas internas e accesos peonís)
- Cobro de estancias
- Cobros a clientes (renovación de abono, recarga de tarxetas, etc.)
- Cobros a empresas
- Cobros por outros conceptos
- Consumo de tarxetas
- Gravacións de tarxetas
- Erros de tarxetas
- Renovacións de tarxetas
- Cambios de documentos

- Transaccións de pago diferido
- Transaccións de grupos pool
- Emisións de recibos e facturas
- Actuacións sobre cobres, hoppers, casetes e caixa manual
- Actuacións sobre impresoras fiscais
- Actuacións de servizo
- Incidencias
- Mensaxes de usuario
- Balances de ocupación
- Cambios de hora
- Cambio de configuración
- Modificación do tipo de cambio de divisas secundarias
- Cambios de quendas en caixas manuais
- Peches contables
- Estados contables

Todos estes datos poden xerarse en informes configurables polo usuario e exportables a diferentes formatos para facilitar o seu posterior tratamento. Os formatos de exportación presentados son XLS, PDF, DOC, CVS, etc.

Sinala que permite a utilización de produtos externos, pero utiliza ese nome para os produtos de desconto, permitindo desconto de tempo, diñeiro, unha porcentaxe do importe ou a aplicación dunha tarifa especial que poden ser propios ou externos.

Acepta calquera soporte que poida ser tratado polos lectores ópticos do aparcadoiro ou polos lectores de proximidade, entre os que se inclúen código de barras (tanto 1D como 2D ou QR), tarxetas de proximidade mifare, NFC, matrículas ou dispositivos radio eléctricos como ViaT, aínda que non teñan que ver co aparcadoiro.

No referente aos accesos e cobros, permite realizar prebooking (o cliente reserva unha praza antes de acudir ao aparcadoiro, realizando o pago no momento da reserva ou despois), cobro externo (o cobro realízase nun sistema externo, pero a validación e cálculo da tarifa realízase polo sistema do aparcadoiro), check in e check out (a validación da entrada e a saída realízase por un sistema externo que simplemente lle indica ao sistema do aparcadoiro que abra a barreira), validación externa (a lectura de entrada e saída realízase polo sistema do aparcadoiro pero a validación e, opcionalmente, o cálculo da tarifa, realízase polo sistema externo. Estas catro opcións

pódense utilizar á vez de maneira que un prebooking pode utilizar tamén o servizo de cobro externo, por poñer un exemplo. Tamén se permite a integración con sistemas de pago en móbil. Neste apartado presentan un web service para permitir operativas externas.

A teor do indicado outórganselle **5 puntos** en base ás seguintes cuestións:

- Presenta un sistema de tarifas con múltiples configuracións que lle permite unha adaptación completa ás necesidades actuais e futuras de TUSSA neste apartado.
- Permite a configuración das facturas por series e por equipos, permitindo que o sistema xere una factura por cada operación de cobro que se realice nos aparcadoiros así como a súa consulta e exportación.
- Emite facturas simplificadas dende todos os equipos de cobro dos aparcadoiros e dende as caixas manuais. Permite a emisión de facturas nominativas.
- Permite xerar listados segundo as necesidades do aparcadoiro de todos os datos rexistrados polo sistema, así como a súa exportación a formatos lexibles polos principais programas de ofimática ou para a súa importación a outros sistemas de xestión.
- Permite o procesamento de calquera documento que poida ser lido polos sistemas de lectura do aparcadoiro, configurando como desconto o tempo, o diñeiro, unha porcentaxe ou aplicando unha tarifa especial.
- Permite a utilización de sistemas externos ao aparcadoiro para realizar operacións de reserva, de cobro ou de validación.

**Grao de detalle do manual de usuario para a resolución de incidencias, incluíndo a substitución de elementos , ata 2 puntos.**

Neste apartado Parkare presenta o “manual de usuario. Procedementos básicos para operadores de aparcadoiro PKE” na súa edición de xullo de 2016.

Este manual separa as operacións en varios apartados, explicando as funcións a realizar polo operador en cada un dos apartados.

As operacións que se explican son as seguintes:

- **Menús de operación e validación.** Dentro deste apartado está explicada a operativa de navegación polo menú de operación; a validación dos usuarios en caixeiros automáticos; identificación de usuarios técnicos con tarxeta de

proximidade ou con código de barras e pin; iniciar una caixa manual e pechar unha caixa manual.

- **Terminais de entrada e saída**, explicando a apertura do terminal, a carga do rolo de tickets e o cambio do papel da impresora de recibos do validador.
- **Caixeiros automáticos de pago**, neste apartado explican a forma de levar a cabo a apertura do caixeiro automático; control do contido dos dispensadores do cambio; recarga manual de moedas; recarga automática de moedas (hoppers nº 1 a 4); recarga masiva de moedas (hoppers nº 5 e 6), recarga do cassette reciclador de billetes; recadación de efectivo (cofre de moedas); recadación de efectivo (cofre de billetes); baleirado do cofre de moedas; baleirado do cofre de billetes; baleirado ou arqueo automático de hoppers; baleirado ou arqueo manual de hoppers; uso e extracción de hoppers; cambio do papel da impresora de recibos; carga do rolo de tickets perdidos/venta de produtos; obtención dun listado de pagos.
- **Caixeiro sen monética**, indicando a forma de realizar as tarefas de apertura do caixeiro; carga de rolo de tickets perdidos e venta de produtos; cambio de papel da impresora de recibos.
- **Barreira**, onde se explica a apertura e peche manual da mesma.
- **Caixa manual de pagos**, que se divide en catro subapartados e en cada un deles explícanse as tarefas a realizar. O primeiro dos subapartados é “control remoto do sistema”, onde se explica como monitorizar o display do terminal, como rastrear un sinal de alarma nun terminal, a operar remotamente co terminal, forzar o sinal de ocupación do contador dunha zona, modificar manualmente os datos do contador dunha zona e ver a evolución da ocupación nas últimas 24 horas. O segundo subapartado denominado “operación de caixa”, no que se explica como cobrar un ticket de rotación, cobrar un ticket ilexible ou danado, cobrar un ticket perdido e como cobrar un ticket cos datos de entrada manuais. No terceiro apartado están as funcións que teñen que ver con “operativa de aboados”, indicando a forma de levar a cabo a codificación das tarxetas; como levar a cabo unha alta de abonado; como solucionar un erro de antipassback e un erro de secuencia de acceso; como bloquear e desbloquear o uso da tarxeta expedida e como cambiar a data de caducidade dunha tarxeta. O último apartado explica a forma de consultar a base de datos do sistema, crear un informe, ver o contido de rexistro de sucesos, ver o rexistro do sistema (diario) anterior á data actual e filtrar un rexistro do sistema (diario).



Cada un dos apartados indicados empeza cun diagrama da máquina onde se sinala a colocación de cada un dos elementos que compoñen o equipo para posteriormente indicar a forma de realizar cada unha das tarefas.

Nas tarefas sinalan os pasos que se teñen que realizar e a orde dos pasos cunha ou dúas fotografías que son pequenas e que non permiten visualizar correctamente a forma de levar a cabo ditas funcións, aínda que as instrucións si se presentan claras.

En relación ás operacións co software da caixa manual, figuran os pasos a seguir para cada unha delas e unha foto dos iconos, pero non aparece a pantalla enteira para que o operador poida saber exactamente onde se encontra cada función.

Polo tanto, na documentación que presenta figuran todas as tarefas que se deben realizar, obsérvanse os pasos que teñen que seguir os operadores para realizar as mesmas, pero non presentan pantallas completas do software para facilitar o acceso ás mesmas por parte dos operadores e as fotografías son demasiado pequenas, polo que non facilitan as tarefas dos operadores. En base ao sinalado, outórgaselle unha puntuación de **1,5 puntos**.

**Disposición de stock por encima do esixido no prego técnico, daqueles compoñentes que poidan ser substituídos por persoal de TUSSA, ata 4 puntos.**

Como xa se indicou anteriormente, Parkare Group, SL presenta os seguintes elementos como stock de recambios:

- 2 impresoras térmicas de tickets para equipo de entrada
- 3 opción proximidade mifare para equipos de entrada e saída
- 2 opción lector 1D/2D QR para equipo de saída
- 2 opción proximidade mifare para caixeiros automáticos
- 2 impresoras térmicas de recibos para caixeiros automáticos
- 2 opción lector código de barras para caixa manual
- 2 opción proximidade mifare para caixa manual
- 2 impresora térmica de recibos para caixa manual
- 2 opción lector código de barras para abreportas
- 2 opción proximidade mifare para abreportas
- 2 cámaras de lectura e recoñecemento de matrícula

Con esta oferta supera o stock mínimo esixido no prego no seguinte número de elementos:

- 1 impresora térmica de tickets para equipo de entrada
- 2 opcións proximidade mifare para equipos de entrada e saída
- 1 opción lector 1D/2D QR para equipo de saída
- 1 opción proximidade mifare para caixeiros automáticos
- 1 impresora térmica de recibos para caixeiros automáticos
- 1 opción lector código de barras para caixa manual
- 1 opción proximidade mifare para caixa manual
- 1 impresora térmica de recibos para caixa manual
- 1 opción lector código de barras para abreportas
- 1 opción proximidade mifare para abreportas
- 1 cámara de lectura e recoñecemento de matrícula

Como se pode observar, presenta un elemento a maiores de emisión de tickets, de lectura de tickets, de emisión de tarxetas de abonados e lectura dos mesmos para todos os equipos que compoñen o subministro, ademais dunha cámara de lectura de matrículas por enriba do esixido no prego.

Con esta oferta de stock non deberíamos ter ningún problema de lectura, emisión ou gravación tanto de tickets como de tarxetas de aboados que impidan o funcionamento dos equipos subministrados, polo que a puntuación outorgada neste apartado é de **4 puntos**.

**Facilidade de acceso para a substitución de elementos en caso da avaría (carros, impresoras, hoppers, etc.) e colocación de material funxible (tickets, papel térmico recibos, etc.), ata 2 puntos.**

Neste apartado Parkare indica que os elementos susceptibles de substituír levan uns sistemas de fixación que non requiren ferramentas, xa que poden desenroscarse coa man.

Posteriormente indican como se realizan as seguintes operacións:

- Carga de rolo de tickets do emisor
- Uso e extracción de hoppers de moedas
- Cambio do papel da impresora de xustificantes do caixeiro automático de pago
- Desmontaxe do selector de moedas
- Módulo de pago con billetes con sistema de devolución no caixeiro automático
- Verificación do funcionamento do S.A.I.

- Cambio do papel da impresora de xustificantes da caixa de cobro manual

Na documentación que presentan indican os pasos a seguir para realizar as tarefas descritas, pero trátase dunhas instrucións pouco claras, aínda que os elementos que mostra están accesibles e son de fácil extracción.

O material funxible neste caso é o papel para a emisión de tickets e o papel térmico para a emisión de recibos. En ambos casos obsérvase a situación e presentan facilidade de substitución.

No caso de avaría, soamente presentan como se saca o moedeiro e como se eliminan as moedas atascadas, pero non presentan a forma de desatascar o billeteiro nin como se cambian todos os elementos que presentan en stock: emisor de tickets, lectores de tickets e lectores de aboados.

En base ao indicado, e debido a que non explica a accesibilidade dos elementos a substituír en caso de avaría e que só presenta a reposición do material funxible, outórgaselle **0,5 puntos**.

**Grao de detalle no plan de mantemento preventivo dos equipos que deberá incluír a descrición do procedemento a seguir para cada tarefa, ata 3 puntos.**

Inicia a presentación do plan de mantemento sinalando as tarefas que son necesarias levar a cabo trimestralmente e o tempo estimado por equipo, para posteriormente presentar o manual de mantemento preventivo para as instalacións de aparcadoiros PKE de outubro de 2016.

Nese manual presenta a descrición das tarefas de mantemento presentadas no cadro anterior. Empeza cun esquema coa localización de todos os elementos que compoñen os equipos para posteriormente empezar a describir as tarefas de mantemento que se indicaron anteriormente pero sen detalle da forma correcta de levar a cabo ditas funcións. En todas as operacións establécese a forma de acceder aos elementos e a forma de chegar a eles para a súa limpeza, pero non a forma correcta de limpar cada un deles.

Como exemplo, indican que deberá comprobarse que o EMV comunica correctamente, pero non sinala a forma de levar a cabo dita operación.

Tendo en conta que presenta una descrición completa das operacións de mantemento e a forma de acceder aos elementos que deben revisarse, pero non indica, na maioría dos casos, a forma de levar a cabo ditas operacións, outórgaselle **1 punto**.

**Incremento no número de frecuencias de mantemento anual durante a garantía, ata 4 puntos.**

O artigo 6 das prescricións técnicas sinala que o mantemento preventivo consistirá en “*dúas visitas ao ano nas que o servizo técnico revisará e porá a punto todos os elementos que compoñen o sistema, tanto hardware como software, incluíndo substitución de pezas por desgaste ou obsolescencia cando sexa aconsellable*”. Parkare Group, SL presenta 4 visitas de mantemento ao ano, unha cada trimestre. En base a o indicado, a puntuación neste apartado é de **2 puntos**.

En base ao exposto neste informe, a puntuación do sobre nº 2 queda da seguinte maneira:

OFERTA TÉCNICA	VALORACIÓN MÁXIMA	BYMAR PARK, SL	EQUINSA PARKING, SLU	HORUS HARDWARE, SA	PARKARE GROUP, SL
Flexibilidade na configuración	5	3	4	3,5	5
Grado de detalle do manual de usuario	2	1	2	1,5	1,5
Disposición de stock por encima do esixido no prego técnico	4	0	3	0	4
Facilidade de acceso para a substitución de elementos	2	1	1	1	0,5
Grao de detalle no plan de mantemento preventivo dos equipos	3	0	0	0	1
Incremento no número de frecuencias de mantemento anual	4	4	4	0	2
<b>VALORACIÓN TOTAL</b>	<b>20</b>	<b>9</b>	<b>14</b>	<b>6</b>	<b>14</b>

É canto teño a ben informar,

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2018

O TÉCNICO DE APARCADOIROS E  
 OUTRAS ACTIVIDADES DO TRANSPORTE,

Asdo./ Antonio Padín Tuñmil

